



Xuño 2006

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

Facenda discrimina a quen declara a renda en galego

O Ministerio de Economía segue dando un trato discriminatorio ao medio rural e a Galiza. Así, o atraso con que se publicou a orde de redución de módulos causou serios prexuízos a moitas explotacións. Por se non abundase, quen fixo a declaración da renda en galego recibiu os datos fiscais cun atraso lesivo e en catalán. **Páx. 7**

■ Aldea Global


Protestas da Vía Campesina contra a OMC en Xenebra

Coincidindo con novas negociacións na OMC, a Vía Campesina desprazouse a Xenebra (Suíza) para amosar o seu rexeitamento a que este organismo meta o seu fucio na agricultura e na alimentación. As protestas serviron para homenaxear a memoria de Lee Kyung Hae. **Páx. 9**

■ Agroecoloxía

O SLG presenta a súa táboa reivindicativa ante Medio Rural

Xosé Manuel González Vilas e Charo Sánchez Parga, en nome do Sindicato Labrego, presentáronlle ao director xeral de Producción, Industria e Calidade Agroalimentaria, Antonio Oca, a táboa reivindicativa para o sector da agricultura ecolóxica en Galiza. **Páx. 13**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

Os sindicatos agrarios dan unha tregua ás industrias leiteiras para negociar

■ As organizacións agrarias deron un prazo de quince días para que as industrias estudien unha proposta de acordo presentada pola Consellaría de Medio Rural.

■ A proposta consiste en subir 2 peasetas en setembro, e crear un sistema de actualización de prezos e unha factura única. Se non hai acordo, retomaranse as mobilizacións. **Páx. 5**



Campaña do SLG contra as adegas do Ribeiro que non respectan a Mesa do Viño

A pesares da manifestación do 10 de abril en Ribadavia para esixir que todas as adegas do Ribeiro respectasen os acordos de prezos da Mesa do Viño, aínda segue habendo un bo número de empresas que se negan a acatar o pactado. Diante desta

situación, o Sindicato Labrego decidiu botarse á rúa para denunciar a actitude destas adegas diante da cidadanía. A primeira acción fíxose no Carrefour de Ourense o 27 de maio. E isto só foi o comezo dunha campaña que promete ser longa. **Páx. 11**



O sector hortícola coruñés ao límite pola falla de resposta da Xunta

Os temporais de marzo causaron danos millonarios nas explotacións de horta do norte da Coruña. De maneira inmediata, o Sindicato Labrego pediu unha entrevista cos responsábeis de Medio Rural para habilitar algún tipo

de solución a este desastre. A pesares da urxencia da situación, o encontro coa Consellaría tardou tres semanas e, a día de hoxe, aínda se agarda unha resposta. Mentres tanto, o sector está nunha situación límite. **Páxs. 2 e 3**

Acordo en Rías Baixas para fixar un prezo mínimo para a uva Albariño

A última Mesa do Viño de Rías Baixas, celebrada entre o 26 e o 29 de maio, saldouse cun principio de acordo. En principio, pagarase pola uva Albariño un prezo mínimo entre 1 e 1'30 euros, dependendo da gradación. Ademais,

ese prezo mínimo de partida adaptárase ás variacións que sufra o IPC. O acordo é por tres anos e comezará a funcionar nesta vendima. O SLG apoia o acordo, pero sen esquecer que pode ser mellorado. **Páx. 10**



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALLÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

Situación límite en horta pola falla de resposta da Xunta tralo temporal

A tarda reacción de Medio Rural diante dos estragos en invernadoiros afunde ao sector no desánimo

Dous meses despois das perdas millonarias sufridas no sector hortícola polos temporais de marzo, a situación de moitas explotacións está chegando ao límite. As débedas acumuladas pola mala racha dos últimos anos,

e a falla de resposta da Administración, afunden no desánimo e na impotencia á xente. Prezos de miseria, escalada de custes, normas paralizantes, incompetencia funcional, permisividade coa fraude... Así non se fai país.

O informe presentado polo Sindicato Labrego Galego diante da Consellaría de Medio Rural cifraba en 1.620.000 euros os danos producidos polos temporais de marzo só nas explotacións de horta do norte da Coruña.

O responsábel do sector do SLG nesta bisbarra, Antón Sánchez García, solicitou xa daquela unha entrevista na delegación provincial. Malia a urxencia de buscarlle solucións a este desastre, o encontro entre o representante das xentes afectadas e a administración non puido realizarse ata tres semanas despois de terse solicitado. E, dende aquela, a Xunta segue sen dar sinais de vida.

Antón explica que "cando se nos recibiu e expuxemos a situación do sector, na Consellaría demostraron bastante descoñecemento sobre a cuestión. Díxosenos que era necesario buscar unha solución xurídica para poder apoiar ao sector, pois ao existir seguros que cobren ese tipo de danos, non se poden dar axudas legalmente. O Xefe de Servizo informounos que, canda fora o temporal do Hortensia, creárase unha liña especial de axudas, e quedaron en estudar o tema. Ata hoxe".

Necesidade dun plan estrutural para o sector

En canto ás posíbeis axudas, Antón García pensa que "unha boa solución serían uns créditos subvencionados para que a xente puidera volver reconstruír o estragado e volver plantar. Hoxe hai moitas explotacións fortemente endebedadas, e os préstamos non están nada baratos".

A maiores, e dende un punto de vista máis xeral, o SLG tamén lle fixo ver á Consellaría a necesidade de que o sector hortícola en Galiza precisa dunha análise rigorosa da súa situación e,



No mes de maio aínda había explotacións facendo arranxos nos invernadoiros estragados

a partir de aí, crear un plan específico para el, máis estrutural e a longo prazo.

O problema é que, segun-

do Antón, "non temos novas de que se vaia facer algo así. A situación segue igual que co anterior Goberno, sen que

haxa persoal na Administración que estea dedicado en pleno e especializado neste sector".

Carencia de recursos técnicos e humanos para reestruturar o sector

Para Antón Sánchez, unha das materias pendentes da horta galega é a asistencia técnica, pois "as agrupacións de defensa sanitaria non funcionan porque os técnicos non están suficientemente pagados, xa que o sistema de subvencionar parte do soldo non funciona. E a asistencia técnica neste sector é fundamental, pois cómprelle asesoría sobre trazabilidade, rexistro sanitario, etcétera".

O déficit en capital humano ilustrounolo Antón cun exemplo sacado da súa experiencia persoal: "Nós fixemos un estudio sobre a formación dunha cooperativa na comarca, que xa está na súa segunda fase e conta con corenta persoas comprometidas para empezar. Isto vainsaír por un mon-

tante de 42.000 euros que se investirán en traer a unha empresa de fóra e a un experto para facer o devandito estudio. Pola súa banda, a Administración o único que fixo foi poñernos trabas, e non se interesaron polo tema".

Respecto disto último, "a Xunta debería deixar de dar subvencións para maquinaria, invernadoiros, etcétera; e comezar a apoiar con recursos humanos e técnicos a reestruturación do sector. Nos últimos anos, a horticultura experimentou cambios radicais: as froiterías minoristas están desaparecendo e cada vez tes que tratar máis coas grandes superficies, a competencia de fóra medra, suba xeneralizada dos custes, os prezos estancados ou á baixa, etcétera".

Xoán Lodeiro, horticultor de Bergondo afectado polas inclemencias climatolóxicas de marzo

“É aberrante que nos dean 3 euros pola ducia de leitugas, e no súper a unidade custe 1 euro”

Collemos a Xoán Lodeiro arando a terra da súa explotación da parroquia de Lubre, no municipio de Bergondo. Xunto coa súa muller, Toña, traballa en 2.000 metros de invernadoiros que comezou a instalar a mediados dos oitenta. Daquela, gañaban ben a vida. Duns anos a hoxe, a cousa non vai tan ben. Secas, pragas de trips, os custes que se lles disparan, o prezo que lles pagan polos produtos á baixa e, para pór a pinga que acugula o vaso, o temporal de marzo levoulle a metade dos invernadoiros... Unha mazada tras doutra que non deixan erguer cabeza.

O mal tempo de marzo custoulles uns 5.000 euros de perdas. Di Xoán que "o temporal estragoume o plástico e o sistema de aspersión de mil metros de invernadoiros, incluídos os cultivos que había neles, fundamentalmente repolo que acababa de plantar e leituga".

En principio, agardaba que a Xunta, co cambio, sería máis sensíbel respecto dos problemas do sector hortícola, pero "non recibimos ningún tipo de apoio nin axuda. O que deberían facer, como mínimo, é implicarse máis co agro. Pensei que co Goberno novo ía cambiar algo pero, se o anterior era malo, este non demostrou ser mellor".

Un dos eidos nos que máis ten que incidir a Administración, segundo Xoán, debería ser no control dos prezos. "Non pode ser", comenta, "que nós vendamos unha caixa cunha ducia de leitugas por tres euros, cando no supermercado se vende a un euro a unidade. As cabaciñas págannas a sete céntimos, e cáeseme a alma ao chan cando as vexo a 1'20 euros no súper. Isto é un escándalo e unha aberración".

■ As caixas rouban rendibilidade

E iso sen contar co que medraron os custes. No encontro con estes labregos de Bergondo acompañounos un técnico de horta do SLG, Alexandre García Míguez. El mesmo confirmou o dito por Xoán ao contarnos dunha explotación que está a vender 15.000 euros ao ano, pero 7.000 vánelle en caixas. Para Alexandre, "a obrigatoriedade de envasar en caixas está rebentando a boa parte das explotacións galegas. Unha caixa nova de plástico cus-



A Xoán Lodeiro, os temporais de marzo leváronlle por diante mil metros de invernadoiros

ta 70 céntimos; as de madeira que foron usadas varias veces valen entre 30 e 50 céntimos. Esa caixa na que ti levas os teus produtos, quédase o comprador con ela e, moitas veces, despois revéndea; se cadra, esa caixa volve de novo as túas mans por 50 céntimos. Bota cálculos: nunha caixa van 12 leitugas polas que che pagan 3 euros; a iso réstalle os cartos da caixa, do transporte, etcétera, e con sorte quedache un euro limpo por unha ducia de leitugas, que é o prezo ao que se vende a unidade no súper".

Para Toña, que o temporal

lles levase a metade dos invernadoiros veo ata normal, pois unha explotación debe contar con estas vicisitudes de cando en vez. O problema é que "a iso hai que engadir prezos constantemente á baixa e custes que soben sen parar, de maneira que cando sofres un revés non tes xeito de recuperarte".

A modo de exemplo, ensinounos unhas facturas de plantóns de leituga: a mesma variedade e cantidade custaran 9.000 pesetas no ano 2000, e 15.000 no 2005. En canto aos ingresos, "o ano pasado só tivemos 4.000 euros da cooperativa en todo o

ano, cando temos xa unhas débedas acumuladas de 6.000 euros". As contas non dan, e a indignación de Toña faise visíbel por momentos.

■ Seguros deseñados para Andalucía

Ter contratado seguros que cubrisen os danos do temporal tería axudado. Pero eses seguros foron deseñados nos despachos de Madrid, e non hai explotación galega que se adapte a eles. Xoán confesa que, a este respecto, "a información que temos é nula". Alexandre vai máis alá, e explica que "os seguros de horta do Ministerio de Agri-

cultura están deseñados para Andalucía e non se adaptan aos tipos de invernadoiro que hai en Galiza, nin ás épocas de cultivo que hai no noso país. Ademais, para poder subscribir un seguro do Ministerio, os invernadoiros só poden ser instalados por persoal autorizado que, polo que sei, cobra uns 200 euros por día de traballo, co cal é imposible que un produtor normal de horta en Galiza poida custear a semana ou o mes de traballo que farían falla para montar unhas instalacións. A compañía de seguros non acepta que os invernadoiros os levanten os propios labregos e labregas como se fai aquí".

■ Fraude permitida

Outro tema no que se advirte a total despreocupación das autoridades é a fraude xeneralizada que se está a cometer á hora de facer visíbel a procedencia dun produto no punto de venda. Xoán relata como viu "caixas nas que pon en letras ben grandes Pementos de Padrón e, despois, en letra ben pequena, orixe: Marrocos. Paréceme aberrante; aquí obríganos a cumprir esixencias de todo tipo, para que veñan produtos dun país onde non se cumpren e venda hortaliñas coma se fosen da nosa terra".

Isto mesmo corrobóroa Alexandre. Di que "non pode ser que se sigan facendo prácticas como as que eu teño visto cos meus propios ollos en grandes superficies comerciais: traer xudía de Andalucía ou de Marrocos e, a primeira hora da mañá, metela na caixa da xudía do país, cando a do sur custa un euro e a de aquí catro. Non se pode permitir que a distribución siga enganando desta maneira á xente".

Editorial***Cómpre estarmos alerta nas negociacións do leite: se non hai acordo, continuarán as mobilizacións***

Aínda que levamos moitos números falando do tema do leite nesta sección, tócanos outra vez incidir no mesmo pola actividade que está a ter lugar neste sector, debido a que está atravesando un dos momentos máis decisivos dos últimos tempos, e tamén a que é un sector dos máis importantes da nosa actividade agraria, cando menos cuantitativamente.

O sector leiteiro está inmerso nun problema de prezos de especial transcendencia para o seu futuro, e de solución difícil, xa que os factores que o causan están motivados por decisións que se toman moi lonxe de nós e das que temos falado en repetidas ocasións.

O prezo do leite non está baixando porque os mercados así o esixan. De feito, o valor dos produtos lácteos ao consumo incrementáronse no último ano arredor dun 12%, segundo as estatísticas oficiais. Ademais, as industrias transformadoras, cando menos na súa inmensa maioría, están obtendo copiosos beneficios nos últimos tempos; moitas delas ata vos mandaron ás explotacións os resultados económicos para poñervos os dentes longos, mentres que outras veñen de declarar na prensa que no primeiro trimestre 2006 bateron récords de beneficios.

"O prezo do leite non está baixando porque os mercados así o esixan. De feito, o valor dos produtos lácteos ao consumo incrementáronse no último ano arredor dun 12%".

Daquela, ¿onde está entón o problema? Basicamente, o problema témolos con decisións de orde política e económica tomadas polos grandes organismos internacionais. Neste senso, cómpre lembrar que a actual Política Agraria Común (PAC) xa prevía unha baixada no valor do leite do 36%; foi esa a razón pola que se reduciron os volumes e os prezos de intervención da manteiga e do leite desnatado en po. Ademais, están os acordos de mundialización da Organización Mundial do Comercio (OMC), que tamén obrigan a este tipo de políticas.

No fondo de todo o devandito está o obxectivo do gran capital de maximizar os beneficios nas industrias multinacionais a conta de minimizar a renda e o salario do sector produtor. Contra isto debemos estar dispostos a levar unha loita decidida ou, senón, acabarán por impoñernos os seus obxectivos.

"O problema témolos con decisións de orde política e económica tomadas polos grandes organismos internacionais. Neste senso, cómpre lembrar que a actual Política Agraria Común (PAC) xa prevía unha baixada no valor do leite do 36%".

O SLG acordou na última reunión da súa Dirección do Sector Leiteiro, centrar o debate da Mesa do Leite nos temas de transcendencia temporal que afectan máis ao futuro do sector.

Estratexicamente, o primeiro que debemos facer é consolidar un prezo mínimo que garanta a permanencia de todas as explotacións, que asegure unha renda mínima ou, dito noutras palabras, un salario mínimo. Ninguén debe cobrar o leite por debaixo dese prezo. O pago de primas, calquera que sexan estas, debe partir deste prezo mínimo.

Se acadamos isto, teremos feito un grande avance, pois eliminaríase unha boa parte da precariedade; lembremos que, nestes intres, hai prezos base no mercado de 21, 22, 26 céntimos. Ademais, aportaríase ao sistema de confección de prezos unha importante dose de transparencia ao establecer un punto de partida para o cálculo de prezos.

No Sindicato Labrego Galego cremos que, de xeito estratéxico, temos que empezar a diferenciar o que é un prezo mínimo de garantía e igual para todas e todos, por unha banda; do que sería un "prezo digno" ou un "prezo decente", que a Dirección do Sector Leiteiro do SLG ten fixado en 33 céntimos. Ámbolos dous son o obxectivo da nosa loita e do noso traballo, pero é posíbel que teñamos que tratálos como obxectivos diferentes e con distintos prazos no tempo dentro da mesma

reivindicación. Dende logo, para o SLG o prioritario para este ano será, basicamente, loitar por conseguir un prezo mínimo para todas e todos.

Cómpre ter presente que, no momento de redactar este editorial, estamos no prazo de quince días que se lles deu ás empresas para responder a unha proposta da Consellaría que podería permitir reiniciar as negociacións sobre estas cuestións na Mesa.

Cómpre tamén non esquecer que, se non hai resposta afirmativa, teremos que seguir organizando mobilizacións nos vindeiros días, agás que renunciemos ás nosas reivindicacións e aceptemos a tiranía das grandes multinacionais, que nos queren someter a continuas baixadas de prezo. As cartas están repartidas, agora cadaquén debe xogar as súas, e nós debemos facelo con responsabilidade.

"Cómpre non esquecer que, se non hai resposta afirmativa, teremos que seguir organizando mobilizacións nos vindeiros días, agás que renunciemos ás nosas reivindicacións e aceptemos a tiranía das grandes multinacionais, que nos queren someter a continuas baixadas de prezo".



Os sindicatos agrarios conceden unha tregua ás industrias para negociar

As mobilizacións do 29 ao 31 de maio aprazáronse para estudar unha proposta de acordo da Consellaría

As industrias leiteiras pediron un prazo de quince días para estudar a proposta de acordo presentada pola Consellaría de Medio Rural na última Mesa do Leite. Deste xeito, as mobilizacións que

se ían levar a cabo do 29 ao 31 de maio, coa primeira folga de entregas dende 1978, quedaron aprazadas ata que se coñeza o desenlace das conversacións coas empresas. Asemade, os con-

tactos entre os tres sindicatos estanse a producir tamén no mes de xuño para concretar mobilizacións en caso de que, finalmente, non se chegue a ningún acordo.

O acordo presentado pola Consellaría de Medio Rural na Mesa do Leite, e apoiado polos tres sindicatos agrarios, consiste en subirlle dúas pesetas (1'2 céntimos) ao litro de leite en setembro, crear unha factura única a partir de xullo, e pór en marcha un sistema de prezos mínimos para o leite baseado na indexación (trataríase de fixar o valor do leite en base ás tendencias do mercado e aos prezos de venda ao público das principais marcas, entre outros baremos).

Esta proposta púxose como alternativa á defendida polas industrias, que pretendían subir unha peseta en setembro e outra en outu-

bro, para baixar de novo outra peseta en decembro. O Sindicato Labrego Galego amosou a súa oposición rotunda a esta proposta das empresas.

Polo demais, en caso de non haber acordo, os tres sindicatos agrarios comprometéronse a retomar o proceso de mobilizacións en xuño.

Do mesmo xeito que acontecera coas mobilizacións do 6 de abril, o SLG realizou unha intensa campaña de asembleas informativas en todos os concellos do país onde hai explotacións leiteiras. O obxectivo non foi outro que manter a gandeiros e gandeiras ao tanto do evoluir das negociacións.



Tanto para convocar as mobilizacións, como para aprazalas, compareceuse diante da prensa

O SLG foi a Gales para traballar nun prezo mínimo para o leite en Europa

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, viaxou a Cardiff, capital de Gales, onde ficou do 4 ao 6 de maio. Xunto ela acudiu tamén o responsábel nacional de Formación do SLG, Antonio Ferreiro. O motivo da viaxe foi unha xuntanza do grupo de coordinación das organizacións agrarias que traballan na reivindicación común de acadar un prezo mínimo para o leite en Europa.

As organizacións reunidas concluíron que a situación das explotacións labregas de leite en Europa se atopa nun punto crítico debido aos baixos prezos rexistrados en todo o continente. Segundo explicou Lidia Senra, "estamos nunha conxuntura que, con estes prezos, os ingresos dunha explotación labrega de leite sitúanse ao mesmo nivel que os custos de produción, e mesmo por baixo".

De aí o abandono masivo da actividade e a sangría constante por peche de ex-

plotacións, o que está a provocar situacións impen-sábeis hai dous anos, cando se comezou a aplicar a última reforma leiteira: países netamente produtores como Dinamarca, Francia ou o Reino Unido, hoxe non producen o suficiente nin para cubrir a súa propia cota. En Gales, onde se celebrou esta xuntanza, desaparecen tres explotacións de leite por semana. De seguir na mesma dinámica, as organizacións concluíron que, de seguro, estes países nunca volverán cubrir a súa cota.

Novo encontro no mes de xuño en Verona

A nivel organizativo, esta xuntanza foi preparatoria para a asemblea de organizacións agrarias que, en representación de once estados, se celebrará en xuño na cidade italiana de Verona.

O obxectivo desta nova reunión será o de seguir traballando e unificando crite-

rios na loita común de acadar un prezo mínimo para o leite en toda Europa. Tamén se analizará a posibilidade de levar a cabo accións coordinadas para forzar ás industrias a negociar ese prezo mínimo, e para obrigar á Unión Europea e aos gobernos dos estados a modificar a Política Agraria Común (PAC) para que os prezos cubran os custos e o traballo de produción.

A reunión de Cardiff deu continuidade a outros encontros cos que sindicatos do agro de toda Europa tentan coordinarse de cara a reivindicar un prezo mínimo digno para o leite, no vello continente, que garanta a viabilidade económica e o futuro das explotacións leiteiras que aínda manteñen a súa actividade. Así, estas xuntanzas véñense facendo dende 2004, e xa recalaron en cidades como Amsterdam (Holanda), Hamburgo (Alemaña) ou Billund (Dinamarca).



A xuntanza de Cardiff tamén serviu para coñecer sobre o terreo as explotacións leiteiras do País de Gales

**TÉCNICO ESPECIALISTA
EN VACÚN DE LEITE**

Curso de 150 horas, con contidos teóricos e prácticos en granxas
Custo da matrícula: 650 euros. Inclúe material e aloxamento en réxime de pensión completa
Duración: do 9 ó 20 de outubro de 2006
Organiza: C.A.P. A Coruña

PAZAS LIMITADAS
ABERTA PREINSCRIPCIÓN

Información:
Tfno / fax: 981 633 159
Tfno móbil: 649 372 511
Enderezo electrónico: cursocapscl@terra.es

ORGACCMM pide para Galiza a xestión exclusiva sobre os montes veciñais

A Organización Galega de Comunidades de Montes celebrou no mes de maio o seu terceiro congreso

A vila pontevedresa de Caldas de Reis acolheu, entre o 13 e o 14 de maio, o terceiro Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACCMM). Nel, reelixiuse a Xosé

Alfredo Pereira coma Presidente, e guindáronse no tellado das diversas administracións varios balóns reivindicativos. Nestes tempos nos que están no poleiro os estatutos de autonomía,

os comeneiros e comeneiras piden para Galiza competencias exclusivas sobre o monte veciñal, respectando a idiosincrasia do seu carácter xermánico, e incluíndo o réxime fiscal.

O terceiro Congreso de ORGACCMM saldouse cunha boa chea de demandas dirixidas á Administración. A Organización de Montes Comuais quéixase de que "a nivel político non se ten en conta ao monte veciñal nos programas electorais, ou se teñen de xeito marxinal". De aí unha chamada de atención: "Hora é de que a clase política reconeza e potencie as funcións do monte e lexisle en defensa e respecto do noso monte veciñal como propiedade social e inalienable".

Así, ORGACCMM pide que as tres administracións -local, nacional e estatal- respecten o poder de decisión dos veciños e veciñas sobre as súas propiedades comunais, e abandonen "a súa concepción simplista e miope de considerar ao monte veciñal unicamente como reserva de terreos baratos". Neste senso, a Organización de Montes Comuais denuncia "a eliminación de monte comunal



Caldas de Reis foi o concello elixido para acoller o terceiro congreso de ORGACCMM

por parte das administracións públicas a través das usurpacións e do abuso dos expedientes de expropiación".

Máis en concreto, nas conclusións do Congreso pídeselle a revisión do actual Estatuto de Autonomía, reclamándose que "o novo texto re-

coñeza a propiedade veciñal diferenciada da pública e da privada, coas súas características propias derivadas do seu carácter xermánico".

Esta demanda complétase coa esixencia de que "Galiza teña competencias plenas e exclusivas sobre o seu monte veciñal, incluído o réxime

fiscal".

En canto á Consellaría de Medio Rural, pídeselle a creación, dentro do seu organigrama, dun departamento específico que coordine a revitalización e desenvolvemento do monte veciñal; amais da figura do "axente de desenvolvemento

do monte veciñal".

Mesmo se chama a atención da Consellaría de Educación ao solicitar "a incorporación do monte veciñal aos contidos curriculares do ensino primario e secundario, salientando as súas características e beneficios sociais".

Outras apelacións de ORGACCMM van dirixidas aos medios de comunicación, pois "transmiten, as máis das veces, unha imaxe negativa do monte veciñal. Debemos reclamar que a prensa corrixa esta visión nesgada e recolla máis frecuentemente os grandes servizos que o noso monte realiza a toda a sociedade. Nesta liña reivindicativa, e sen saírmolos das conclusións congresuais, dise que "debemos reclamar dos medios de comunicación social unha maior atención ás nosas actividades e fomentar o coñecemento do monte veciñal colaborando coas entidades parroquiais e os centros educativos".

650.000 hectáreas de mancomún: a cuarta parte do territorio galego

Nas conclusións do terceiro Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes hai unha decidida defensa do mancomún galego. Este tipo de propiedade ocupa case a cuarta parte do territorio galego -650.000 hectáreas-, pero "para a maioría da sociedade é invisible".

Máis en concreto, as conclusións congresuais din que "o monte veciñal galego inviste cada ano centos de millóns de euros en obra social, construíndo e mantendo unha extensa rede de instalacións culturais, deportivas e asistenciais. Acolle e conserva miles de elementos do patrimonio histórico, arqueolóxico e etnográfico".

Tamén "achega unha boa parte dos territorios da Rede Natura 2000, dos espazos protexidos e dos conformadores da paisaxe. É o depositario da maior diversidade biolóxica de Galiza e contribúe con

miles de mananciais ao abastecemento de cidades, vilas e parroquias. Constitúe o pulmón de todas as cidades galegas e absorbe cada ano millóns de toneladas de CO₂, contribuíndo de xeito moi importante ao cumprimento do Protocolo de Kioto".

Ademais, "o monte veciñal é un monte aberto, para o uso e goce de toda a sociedade. Está cruzado por miles de quilómetros de rotas culturais, deportivas e turísticas que ofrecen paisaxe e etnografía".

A pesares do enorme beneficio social que reportan os montes mancomunados, en ORGACCMM quéixanse de que non só non se lles recoñece esa función nin reciben retribución algunha por ela, senón que, ademais, están obrigados a tributar diante do Ministerio de Economía e Facenda polo réxime empresarial do Imposto sobre Sociedades.



Alfredo Pereira foi reelixido como presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes

Facenda prexudica de novo a labreg@s coa redución de módulos do IRPF

O atraso con que se publicou a orde cáusalle graves prexuízos a moitas explotacións de Galiza

O 23 de maio, Facenda publicaba a orde pola que modificaba o cálculo dos rendementos netos das explotacións que fan a Declaración da Renda en estimación obxectiva por módulos. Trátase dun feito positivo, pois redúcense eses módulos para compensar o aumento nos custes de produción dos últimos tempos. O malo é que o atraso con que veu esta orde trouxo consecuencias negativas para o agro. Un trato discriminatorio cara ao medio rural ao que xa nos ten afeitado Facenda, que hai pouco comezou a dismantelar servizos nas comarcas.

Malia ser unha boa nova, o Ministerio de Economía e Facenda volveu demostrar coa publicación desta orde o seu desprezo de cara ao colectivo labrego. Como ben é sabido, o prazo para presentar a Declaración da Renda comezou o 2 de maio, e as contas desa declaración hai que facelas dende o 1 de xaneiro. A pesares destas evidencias, o feito de publicarse a orde o 23 de maio fixo que labregos e labregas perdesen case un mes do prazo estipulado por Facenda para facer a declaración.

A maiores, quen xa presentase a súa declaración podendo acollerse á redución dos módulos, atópase con que agora deberá solicitar unha rectificación da mesma. Evidentemente, para que se puidesen facer as cousas de xeito correcto, Facenda debería ter publicado esta orde antes do 31 de decembro de 2005.

Por outra banda, aquelas explotacións que teñan a súa titularidade como comunidade de bens ou sociedade civil, xa presentaron o modelo 184, que



Fotomontaxe realizada co logotipo da Axencia Tributaria

tiña de prazo ata o 30 de marzo e no que se atribuíron as rendas aos seus socios e socias, cuns rendementos incorrectos; isto provocará requerimentos polas discrepancias que xurdirán.

De todos xeitos, esta maneira de actuar non sorprende, pois o Ministerio de Economía xa ten afeitado aos labregos e as labregas deste país a un trato despectivo que os marxina.

Neste senso, cómpre lem-

brar o dismantelamento de servizos que se está a facer nas delegacións comarcais da Axencia Tributaria, para centralizalos nas grandes cidades e apostar pola xestión a través de Internet.

E isto a sabendas de que o traballo agrario deixa moi pouco tempo libre para realizar grandes desprazamentos innecesarios, e que no meirande do medio rural galego non hai posibilidade de conectarse á Rede.

Flagrante discriminación das persoas que presentaron a declaración da renda en galego

O SLG detectou un atraso no envío de datos fiscais aos labregos e labregas que os solicitaron nas súas declaracións dos anos 2003 e 2004. Tralas pescudas realizadas, descubriuse que estas persoas tiñan algo en común: a súa declaración da renda estaba redactada en galego.

En efecto, os servizos técnicos do sindicato detectaron que ese atraso no envío de datos fiscais, que se producía no 2004 e no 2005, só afectaron a aquelas persoas que presentaron a súa declaración en lingua galega; pola contra, quen enviou a declaración en castelán recibiu eses mesmos datos moito antes.

No ano 2004 aínda foi peor, pois a xente afectada en Galiza non só recibiu tarde os datos fiscais, senón que llos remitiron en catalán.

Para o Sindicato Labrego non se trata dun caso illado, senón que o problema é

xeneralizado, producíndose así "un menoscabo dos dereitos das persoas que optan libremente por presentar a súa declaración da renda en galego".

O peor do conto, é que deste problema xa houbera queixas diante do Ministerio de Economía o ano pasado, sen que fixese moito caso, polo que se ve.

Así, o Sindicato Labrego viuuse forzado de novo a denunciar esta nova discriminación contra os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas cun escrito presentado diante da delegada especial de Facenda no noso país e do Ministerio de Economía.

Nese documento, o Sindicato Labrego Galego pide explicacións "das causas que conduciron a esta situación e o compromiso firme de solucionalo no relativo aos datos fiscais do ano 2006 para que non se volva repetir".

A Xunta cumpre unha demanda histórica do SLG co Consello Agrario Galego

O Sindicato Labrego fixo pública a súa satisfacción ao terse aprobado por consenso no Parlamento de Galiza, o pasado 23 de maio, a lei que posibilitará a creación do Consello Agrario Galego.

Para o SLG é de vital importancia para a Galiza rural e campesiña a existencia deste foro de diálogo permanente, de maneira que a interlocución entre a Administración e as organizacións agrarias que representan aos labregos e labregas non de-

pendan da vontade do conselleiro ou conselleira ao que lle cadre dirixir a política agrícola do noso país.

O Consello Agrario Galego foi unha materia pendente da Xunta dende os seus inicios, e unha reivindicación do Sindicato Labrego dende aquela. De feito, mesmo chegaron a realizarse mobilizacións a comezos dos anos noventa demandando a creación deste organismo.

Finalmente, o traballo e o consenso acadado entre as

tres organizacións agrarias no ano 2004 posibilitou que, neste 23 de maio de 2006, o Parlamento de Galiza aprobase a lei pola cal se creará o Consello.

24 membros para representar ao medio rural

O Consello Agrario Galego estará formado por 24 membros, e nel haberá representantes de Medio Rural, e das consellarías responsábeis en materia de benestar social, medio ambiente, política te-

rritorial, sanidade e industria. A metade da representación corresponderalle aos tres sindicatos agrarios, con tres membros cada un.

En canto ás funcións do Consello, analizará as políticas que afecten ao sector agrario; fará seguimento dos plans e programas que teñan incidencia sobre o medio rural; propondrá reformas, canalizará recomendacións e achegará suxestións respecto daquelas políticas que afecten ás condicións socioe-

conómicas dos habitantes do rural galego. Ademais, propondrá e asesorará aos distintos órganos da Administración galega sobre as medidas e accións que se consideren necesarias para mellorar o nivel de renda das explotacións agropecuarias e acalidade de vida da xente labrega.

Deste xeito, ponse fin ás cámaras agrarias, cuxo patrimonio será cedida ás organizacións representadas no Consello Agrario.

Evo Morales repartirá catro millóns de hectáreas a 650.000 familias labregas

Esta reforma agraria súmase en Sudamérica á emprendida por Hugo Chávez en Venezuela no ano 2001

Bolivia prepárase para vivir a segunda reforma agraria da súa historia. Así o anunciou o Goberno de Evo Morales o pasado 17 de maio, na cidade de Cochabamba. Esta nova reforma nace

coa intención de distribuír uns 4'5 millóns de hectáreas de latifundios ociosos entre labregos e labregas e máis indíxenas para que as traballen. O obxectivo a cumprir será reducir a

extrema pobreza que sofre o 40% da poboación boliviana que vive no agro, e o das 650.000 familias labregas que teñen tan pouca terra que gañan menos de 1 euro por día.

A primeira reforma agraria de Bolivia executouna en 1953 o presidente Victor Paz Estenssoro, e foi dirixida a beneficiar a empresas e familias influíntes, que se levaron o 95% das terras (32 millóns de hectáreas); en troques de labregos e labregas, aos que só lles tocou o 5% (entre 1'5 e 2 millóns de hectáreas).

Hoxe en día, o 87% das terras agrarias de Bolivia está en mans dun 7% de grandes propietarios; mentres que o 13% restante repártese entre o campesiñado.


De feito, o problema da terra en Bolivia non só é o do latifundio improdutivo, que se dá na zona oriental do país, especialmente en Santa Cruz, Pando e Beni, e na rexión de Chaco; senón que, a maiores, padece un minifundismo extremo no

occidente.

Segundo o Instituto Nacional de Reforma Agraria, corenta anos despois da reforma de Estenssoro, Bolivia está catalogada como a nación que ten o maior acaparamento de terras en poucas mans do continente americano.

O Goberno de Morales anunciou que non se expropiará a ninguén que teña obtido as súas terras de xeito legal, e que as manteña produtivas. Ata o de agora, bastaba con que os terratenentes pagasen os seus impostos para conservar a propiedade dos latifundios.

En principio, os plans de reforma agraria en Bolivia contemplan o reparto inmediato de 2 a 4'5 millóns de hectáreas de terra a comunidades labregas e indíxenas.



Evo Morales mantivo un encontro con dirixentes do SLG e da CIG antes de ser Presidente

Antes de Chávez, en Venezuela só producían o 4'2% das leiras

Venezuela é outro país latinoamericano que optou por levar a cabo unha reforma agraria profunda que remate coa tremenda desigualdade que existe no reparto da terra: neste país, o 5% dos propietarios rurais son donos do 80% das fincas cultivables. Ademais, só o 4'2% das terras venezolanas están producindo, ficando uns 30 millóns de hectáreas sen traballar.

Deste xeito, a Lei de Terras impulsada polo goberno de Chávez logrou asentar en cinco anos preto de 130.000 familias en máis de dous millóns de hectáreas. Trátase dunha lei que foi expedida no ano 2001 e define como latifundio a propiedade rural con máis de 5.000 hectáreas.

Segundo esta norma, o propietario que non utiliza a

terra para producir pode ser penado co pago dunha multa, que varía de acordo ao número de hectáreas improdutivas; se, aínda así, a propiedade continúa sen producir, entón expropíase pagándoa con cartos do Estado.

Dependencia alimentaria total pagada con petróleo

Os diversos gobernos venezolanos antes de Chávez mantiveron o agro nun total abandono, e desde 1925 o petróleo converteuse no primeiro produto de exportación do país. Así, cos ingresos millonarios do ouro negro puidéronse financiar importacións masivas de alimentos e deixar de lado a soberanía alimentaria do país.

O resultado foi que o goberno de Hugo Chávez se

atopou cunha Venezuela absolutamente dependente do exterior para alimentarse pois, hoxe en día, ten que traer de fóra o 70% dos alimentos que consume.

Sen dúbida, trátase dunha reforma sen precedentes na que se basea, en boa parte, o goberno de Chávez. O propio presidente venezolano recoñeceu que "a loita e a vitoria contra o latifundio é coma o osíxeno para esta revolución, é parte esencial da vida deste pobo".

Tamén os inimigos do Goberno teñen clara a importancia desta reforma. De feito, a Lei de Terras foi o punto de arranque das mobilizacións antichavistas, e cando acontecera o golpe de Estado do 11 de abril de 2002, unha das primeiras medidas do goberno de Pedro Carmona (só durou 48



Morales e Chávez están levando a cabo auténticas revolucións agrarias en Bolivia e Venezuela, respectivamente

horas no poder) foi derrogar a devandita lei.

Hoxe, a reforma agraria de Chávez debe bater contra inimigos ben fortes: terratenentes, industrias agrarias, maxistratura xudicial e burocracia fieis ao antigo réxime en moitas

zonas rurais, violencia contra o campesiñado que loitan polos seus dereitos, etcétera. Respecto disto último, a Vía Campesina denunciou 130 asasinatos de labregos e labregas a mans de sicarios dende o comezo da reforma agraria.

A Vía Campesina lidera as protestas labregas contra a OMC en Xenebra

A Organización Mundial do Comercio segue acumulando fracaso tras fracaso na liberalización da agricultura

Na Organización Mundial do Comercio (OMC) están a todo correr para tentar acadar un acordo global en agricultura, aínda que sen moitas esperanzas de éxito, pois ata o de agora


todas as reunións levadas a cabo remataron cun estrepitoso fracaso. Aproveitando as xuntanzas deste organismo na súa sede de Xenebra, a Vía Campesina estivo nesta cidade suíza,

do 10 ao 16 de maio, para denunciar o perigo de desaparición da agricultura labrega se prosperan as negociacións. Durante eses días, a Vía levou a cabo numerosos actos de denuncia.

O luns, 15 de maio, foi unha xornada moi completa. Comezou o día cunha rolda de prensa a cargo de Valentina Hemmeler, de Uniterre; Paul Nicholson, da Coordinadora Labrega Europea (CPE); Edilia Mendoza Roa, da Asociación Nacional de Usuarios Campesinos - Unidad e Reconstrucción, de Colombia; e Ndiakhate Fall, do Consello Nacional de Concertación e Cooperación Rural, de Senegal. Nela, expuxéronse as reivindicacións da Vía Campesina respecto das negociacións que se estaban a desenvolver no seo da OMC.

O balance realizado permitiu poñer en evidencia as violacións dos dereitos humanos que están a provocar as políticas de libre comercio promovidas pola OMC. Tamén se denunciou a competencia desleal que se permite con estas políticas entre os sistemas de produción agroindustriais, orientados á exportación, por unha banda; e a agricultura labrega e familiar, por outra.

A conclusión á que chegaron estes delegados e delegadas da Vía Campesina foi a necesidade de pór en práctica a soberanía alimentaria, que é o dereito de cada pobo a elixir a política agraria e de alimentación que prefira, sen exportacións a prezos inferiores aos custes de produción, dando prioridade ao consumo local, prohibindo as axudas á exportación, e deixando que cada país se protexa das importacións a baixo prezo. A delegación da Vía Campesina deixou claro que non quere ningún acordo da OMC en agricultura, calquera que sexa, xa que "a OMC non é o lugar para negociar políticas agrarias e alimentarias".



Nos actos de Xenebra rendéuselle homenaxe ao labrego coreano Lee Kyung Hae, que deu a súa vida en sacrificio nas protestas de Cancún (México) contra a OMC. Nas imaxes, Lee Kyung durante as manifestacións de Cancún (esquerda); e, intres despois, transportado polos seus compañeiros e compañeiras da Vía Campesina tras cravarse un coitelo no corazón. Foi o 10 de setembro de 2003. Na pancarta que levaba poñía "A OMC asasina aos labregos".



Unha reivindicación irrenunciábel fronte á OMC: Soberanía Alimentaria

Nestas xornadas de protesta, as labregas e labregos de Europa preguntáronse se, realmente, a apertura das fronteiras comerciais do vello continente ían beneficiar ás familias labregas doutros países do mundo. A resposta foi clara: "Quen queren o sistema de comercio da OMC son os intermediarios e as transnacionais, non as familias labregas".

A alternativa da Vía Campesina ao libre comercio da OMC está ben clara. En primeiro lugar, unha reivindicación básica e irrenunciábel: "Reclamamos a soberanía alimentaria". Coa fin de garantir o acceso da xente labrega aos seus dereitos máis elementais, o desenvolvemento do

comercio agrícola debe estar baseado no dereito á soberanía alimentaria. A soberanía alimentaria permite aos pobos, a labregos e labregas e consumidores e consumidoras, elixir o tipo de agricultura e alimentación que prefiran, sen exportar a prezos inferiores aos custes de produción (*dumping*). Así, dase prioridade ao consumo local, prohibíndose as subvencións á exportación, e déixase que os estados se protexan das importacións a prezos demasiado baixos.

Outra das grandes demandas expostas foi a necesidade de apostar por unha agricultura sostíbel, que respecte o medio ambiente e responda a criterios sociais.

Todo isto non tería sentido se non se aseguran as rendas de labregos e labregas. Así, a Vía Campesina reivindica "prezos dignos que permitan obter a marxe de beneficio necesaria para remunerar o traballo das familias labregas e os traballadores e traballadoras agrícolas, amais de cubrilles todos os custes da súa actividade laboral.

Finalmente, avogouse tamén, como alternativa á agricultura globalizada e industrial que só interesa ás multinacionais e ás grandes cadeas de distribución, "uns circuitos curtos de comercialización que permitan ao máximo número de consumidores e produtores ter contacto entre eles".

Acordo en Rías Baixas ao fixarse un prezo mínimo para a uva Albariño

O valor mínimo desta caste abaneará entre 1 e 1'30 euros segundo a gradación, e variará polo IPC

Custou, pero as organizacións agrarias e as adegas de Rías Baixas chegaron por fin a un principio de acordo para fixar un prezo mínimo para a uva Albariño. Sen dúbida, as medidas de pre-

sión realizadas polo Sindicato Labrego tiveron que ver moito neste resultado, así como o bo facer á hora de mediar da Consellaría de Medio Rural. Deste xeito, e a partir da seguinte vendima, o

valor de partida para o quilo de uva Albariño, segundo a súa gradación, abaneará entre 1 e 1'30 euros. E quen non cumpra, ficará excluído de todas as axudas da Administración.

A última xuntanza da Mesa do Viño de Rías Baixas necesitou varios días para poder rematar. Comezou na mañá do 26 de maio e rematou no serán do 29. Ao final, o encontro rematou cun principio de acordo entre as organizacións agrarias e as adegas.

En principio, o quilo de Albariño pagarase a un prezo mínimo de 1 euro para a uva de 11'3º, e a 1'30 euros para 13º. Ese abano será un valor mínimo do cal non se poderá baixar. Evidentemente, as adegas non están obrigadas a cumprilo; pero aquela que non acepte este acordo ficará excluída calquera axuda pública da que puidera beneficiarse.

Respecto disto último, a Consellaría de Medio Rural xa publicou en maio liñas de axudas que esixen, como requisito indispensable para poder beneficiarse delas, a

realización de contratos cos produtores e produtoras, consensuados previamente coas organizacións agrarias.

Outro aspecto positivo do acordo é que será válido durante os tres vindeiros anos. Ademais, eses valores mínimos deberán revisarse anualmente de acordo co Índice de Prezos de Consumo (IPC). Outra das obrigas das adegas será pagarlle aos viticultores e viticultoras no mesmo ano da vendima, co cal o límite para cobrar fixaríase no mes de decembro de cada ano.

A esta Mesa do Viño asistiron, por parte do Sindicato Labrego, o seu responsábel de sectores agrarios, Xosé Manuel González Vilas; acompañado de Antonio Suárez. Para Vilas "este pacto entre as adegas e as organizacións agrarias é positivo, pois suporá unha recuperación dos prezos en



O SLG organizou mobilizacións para forzar ás adegas a negociar e chegar a un acordo

Rías Baixas", amais de "sentar un bo precedente para chegar a acordos noutras denominacións de orixe".

De todos xeitos, para o SLG

aínda quedan aspectos por mellorar, como acadar un consenso respecto dun prezo mínimo para outras variedades de uva minoritarias

nesta denominación de orixe, como poden ser a Treixadura ou a Loureiro, que se deberían incluír nos acordos para evitar fraudes.



A presión do Sindicato Labrego foi decisiva para chegar ao consenso final

Aínda que a negociación tivo os seus froitos o 29 de maio de 2006, o certo é que tras dela houbo un intenso traballo do Sindicato Labrego nos últimos meses. Aínda que houbera acordos iniciais para a vendima do 2005, na Mesa do Viño do 30 de novembro producíase a polémica, xa que as adegas negábanse a fixar prezos, amais de incumplir de maneira xeneralizada o acordo dese ano de pagar a uva Albariño a 1'20 euros.

Ese incumprimento traducíuse en que a uva Albariño se pagou ese ano entre 80 e 90 céntimos o quilo. Diante desta ruptura dos acordos, o SLG decidiu pasar á acción directa, convocando mobilizacións. Deste xeito, o 16 de decembro, o Sindicato Labrego organizaba unha concentración de denuncia diante de El Corte Inglés de Vigo para facer públicos os nomes das principais adegas que non cumpren o pactado e as súas marcas de viño.

Isto provocou que na véspera anterior se producisen negociacións contra reloxo entre o SLG e as adegas, que remataron cun xesto de boa vontade: non se divulgarían aínda eses nomes a cambio de que as adegas sentasen de novo a negociar prezos. E así ocorreu o 29 de maio, data na que se produciu un acordo que, aínda que mellorábel, sen dúbida será histórico á hora de garantir unhas rendas dignas ás xentes que viven do viño na denominación de orixe Rías Baixas.

O SLG pasa á acción contra as adegas do Ribeiro que vulneran a Mesa do Viño

Unha concentración de denuncia no Carrefour de Ourense inicia unha campaña dirixida á cidadanía

Os acordos acadados na Mesa do Viño do Ribeiro seguen sen ser respectados por boa parte das adegas desta denominación de orixe. En vistas a que a manifestación do 10 de abril non lles

fixo recapacitar, o Sindicato Labrego decidiu pasar á acción en solitario. Así encádrase a concentración simbólica que medio cento de viticultores e viticultoras realizaron no centro comer-

cial Carrefour de Ourense o pasado 27 de maio. Nela, repartíronse centos de panfletos informando á cidadanía das marcas de viño e das adegas que están arruinando ao Ribeiro.

O panfleto que se repartiu no Carrefour de Ourense explicaba polo miúdo os gastos que ten elaborar o viño, e onde van quedando as marxes comerciais dunha botella de viño do Ribeiro da gama máis económica, cun valor entre 2 e 3 euros no supermercado, e de 3 a 9 euros nos restaurantes.

O custe da botella, rolla, cápsula, etiquetas e caixas, anda entre 30 e 50 céntimos. Ademais, en cada botella dedícanse á elaboración 10 céntimos, á publicidade entre 20 e 30, ás amortizacións da adega entre 20 e 40, e á marxe comercial entre 60 e 90 céntimos.

A maiores, o distribuidor cobra entre 60 e 90 céntimos, nos que se inclúe o transporte; e os restaurantes engaden unha marxe que vai do 50% ao 100%, é dicir, entre 1 e 6 euros.



O centro comercial Carrefour de Ourense foi o primeiro dos lugares elixidos para denunciar

Como se pode comprobar, trátase dunha longa cadea que lle debería deixar ao

viticultor entre 50 e 70 céntimos por quilo de uva se queremos que a súa activi-

dade sexa rendíbel. Pero a realidade no Ribeiro non é así. Nun centro comercial co-

mo Carrefour pódense atopar botellas de Ribeiro a dous euros. Evidentemente, se unha botella ten ese prezo, na cadea devandita alguén está a perder cartos. Quen perde ben sabemos quen é, o elo máis feble: os viticultores e as viticultoras, que están a recibir prezos pola uva entre 30 e 35 céntimos.

No panfleto que se repartiu, identificábanse ás principais adegas, e as súas marcas, que se dedican a explotar a viticultores e viticultoras cunha relación comercial leonina: Viña do Campo, de Adegas do Campo; Pazo do Mar; Viña Reboreda, de Adegas Campante; Bantiño, de Adegas Barbantiño; Viña Leda, de Adegas Loeda; Rey Lafuente; O Ventosela; Rivera; Casal de Vide, de Adegas Vázquez Nieves, Villanueva, etcétera.

Mensaxe ás adegas recalcitrantes: "Isto vai ser peor có cobrador do frac"

Na súa intervención ante viticultores e viticultoras, o responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, adiantou que "ao contrario doutras veces, esta acción foi só o comezo".

Continuando coa súa intervención, Vilas advertiu que "co esforzo da xente non se xoga, coa economía da xente non se xoga, co Ribeiro non se xoga. Hoxe comezamos aquí, en Ourense; pero para a semana que vén estaremos na rúa do Franco en Santiago, ou na rúa dos viños de Lugo, en Vigo, Baiona, Coruña e onde sexa. Dende logo, a estas adegas dámoslles unha mensaxe moi clara: o Sindicato Labrego Galego vai

seguir traballando, vai seguir facendo asembleas, e vai seguir repartindo panfletos. Hanse cansar de nós, porque nós non nos imos cansar. Dende logo, pretendemos que isto teña consecuencias económicas para as adegas, e non porque queiramos prexudicar ao Ribeiro, senón porque queremos que estas adegas vivan e deixen vivir".

Máis en concreto, Vilas explicou que na vindeira semana habería novas asembleas para decidir onde se vai realizar a seguinte acción de denuncia contra estas adegas.

Respecto da cadea comercial do viño, o responsábel sindical dixo que "se en centros comerciais coma este



Centos de panfletos informativos repartíronse entre a xente para que saiban que viño mercar

de Carrefour hai botellas de Ribeiro a menos de dous euros, só temos tres posíbeis explicacións: ou é unha fraude, ou é un viño moi malo, ou se lle rouba ao

viticultor".

Xosé Manuel González Vilas rematou redundando na mensaxe dada con que comezaba a súa arenga: "Vanse cansar de nós. Isto

vai ser peor có cobrador do frac. Imos ver quen se aburre antes. Non regresamos a casa a velas vir, a guerra continúa, isto non fixo máis ca comezar".

Mónica Amado Branco, colaboradora da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego

“Os pesticidas danan a tiroides, adiantan a menopausia, e afectan ao sistema nervioso”

Mónica Amado Branco traballa na oficina do Sindicato Labrego Galego de Ribadeo, e participa con asiduidade nas actividades da Secretaría das Mulleres. Recentemente, asistiu a unhas xornadas formativas sobre saúde dende unha perspectiva de xénero que o colectivo de mulleres Ceres organizou en Madrid. Este evento serviu para denunciar as gravísimas consecuencias que teñen para a saúde humana o emprego inconsciente de pesticidas, e a discriminación que as mulleres sofren nas investigacións médicas que se desenvolven neste eido.

As xornadas de Ceres comezaron coa intervención da doutora en medicina pola Universidade Autónoma de Barcelona e profesora da Universidade de Xirona, Izabella Rohfs, que reflexionou sobre a saúde dende unha perspectiva de xénero. A continuación, Raquel Alarcón, doutora en farmacia e profesora do departamento de Anatomía e Embrioloxía Humana da Universidade de Almería, presentou as conclusións dos seus estudos sobre os efectos dos praguicidas na saúde das labregas e das súas familias. Os problemas de diagnóstico e outras cuestións relativas á fibromialxia contaron coa presenza dun membro da Asociación de Fibromialxia de Madrid.

■ ¿Que aspecto ou que cuestión destacaría destas xornadas?

O que máis me chamou a atención é que, ata finais do século XX e comezos do século XXI, ningún dos e das profesionais que traballaron no campo da saúde tiveron en conta a perspectiva de xénero. Cando se estuda unha enfermidade ou se proban medicinas, de xeito maioritario experimentábase con individuos que representan un patrón masculino tipo: varón, europeo, mediana idade, e de clase media. E, por estraño que semelle, aínda segue a acontecer hoxe en día.

■ ¿E isto que consecuencias ten?

En primeiro lugar, que os tratamentos farmacolóxicos son máis efectivos para este tipo de homes que para o resto da poboación: nenos e nenas, mulleres, embarazadas, persoas coas defensas baixas, anciáns, etcétera. Algúns deses produtos autorizados ata poden ser perigosos.



Mónica Branco asistiu en Madrid a unhas xornadas sobre saúde con perspectiva de xénero

Despois, hai toda unha longa serie de prexuízos dos propios facultativos e facultativas médicas en relación coas doenzas das mulleres. É frecuente que, cando unha muller menciona que padece dores ou outros síntomas de enfermidades, isto lle sexa

atribuído a cuestións psicosomáticas. Antes, unha muller ía ao médico e dicíanlle que eran nervios, histerismo..., Agora, que é unha depresión ou fibromialxia, doenza está última considerada como caixón de xastre onde colle todo.

■ Daquela, ¿hai doenzas de homes e de mulleres?

A primeira causa de morte en mulleres, segundo manifestou a doutora Izabella Rohfs, son os accidentes cerebrovasculares. Nos homes, os problemas de saúde asociados ao estilo de vida

(tabaquismo, alcohol, alimentación...) como, por exemplo, os infartos, son a primeira causa de mortalidade. As mulleres temos unha esperanza de vida maior, pero mentres vivimos sufrimos máis enfermidades.

■ ¿Hai algunha entidade especializada nestas cuestións específicas do sexo feminino?

Existe un observatorio da saúde da muller, e tamén hai unha rede de investigación en relación cos parámetros de xénero e saúde. De momento, hai que dicir que os avances son moi tímidos.

Segundo a relatora, é importante que exista este traballo, mesmo dende o punto de vista da terminoloxía. Actualmente, emprégase moito o termo xénero feminino no canto de sexo feminino. Xénero fai referencia a normas socioculturais que determinan os roles; sexo, a factores físicos e biolóxicos.

“En Granada atoparon 101 praguicidas en análises de cordóns umbilicais”

■ ¿Que lle chamou máis á atención dos efectos dos praguicidas?

O que máis me sorprendeu foi que, a pesar de ser orixe de graves consecuencias na saúde, séguese pensando en empregalos con normalidade. Non se reflexiona sobre se hai outros xeitos alternativos de producir sen eses tóxicos.

Os pesticidas non se eliminan do corpo, senón que se acumulan no tecido graxo. Pasados uns anos, vén un cancro e, daquela, atribúese á fatalidade, pero non se relaciona coa exposición a fitosanitarios. Din que do 39% das persoas afectadas por intoxicacións graves non levaban protección.

■ ¿Os praguicidas aféctanlle dun xeito especial ás mulleres?

Algúns dos datos sobre os efectos

dos pesticidas en mulleres embarazadas, por exemplo, poñen os pelos de punta. No 2005, en Granada, atopáronse 101 praguicidas en análises de cordóns umbilicais, e 17 fitosanitarios distintos no leite de mulleres de Granada e Almería.

As consecuencias das intoxicacións crónicas máis frecuentes en mulleres son: trastornos reprodutivos, como abortos espontáneos; cancro de mama e de ovario; e endometrioses. Nos homes, o máis habitual é o descenso da calidade espermática, alteracións do aparato xenitourinario, e cancro de testículo e de próstata.

Algúns pesticidas poden pasar a través da placenta da nai ao feto, que se encontra en situación de máis risco entre os 14 e os 60 días de embarazo, mentres se forman os órganos; pero

poden producirse danos ao longo de todo o embarazo e tralo nacemento.

■ ¿Que amosan os estudos sobre a incidencia do cancro nos traballadores e traballadoras do agro?

O risco de morte por cancro da poboación agrícola é superior ao da poboación en xeral. Unha cuestión que me sorprendeu é que parte das intoxicacións graves déronse en persoas que tentaron suicidarse. Tal vez polo nivel de endebedamento, polo ritmo frenético de vida nas explotacións intensivas, ou mesmo polos efectos que estas substancias causan no sistema nervioso central. Hai estudos que amosan a influencia dos pesticidas na tiroides, na aparición de depresións, no adianto a idades moi temperás da menopausia, ou na aparición de Parkinson.

Medio Rural xa ten as demandas do SLG para a agricultura ecolóxica

O Sindicato Labrego reivindica un Plan Estratéxico para este sector que implique a todos os seus axentes

O Sindicato Labrego presentoulle á Consellaría de Medio Rural a súa táboa reivindicativa para a agricultura ecolóxica. Foi o pasado 12 de maio, e no encontro estiveron presentes o responsábel dos sectores agrarios do SLG,

Xosé Manuel González Vilas; e a encargada do sector ecolóxico, Charo Sánchez. Ambos presentáronlle o documento do Sindicato ao director xeral de Produción, Industria e Calidade Agroalimentaria, Antonio Oca.

Este intre foi moi agardado polo sector, xa que o traballo de desenvolvemento dito documento presentado á Consellaría foi moi laborioso e levou bastante tempo. Agora, unha vez presentado, o Sindicato Labrego confía en que sirva para dar un pulo á produción ecolóxica en Galiza. Esta táboa reivindicativa recolle as demandas dos diferentes tipos de produción -horta, gando, froita, etcétera- e pretende servir de ferramenta que permita o desenvolvemento destes sectores.

Unha das intencións do Sindicato Labrego ao presentar a súa táboa reivindicativa foi que a potenciación da produción ecolóxica favoreza a transformación do modelo de produción dominante, coa fin de producir alimentos sans e de calidade.

En canto ás liñas de traballo que se lle puxeron sobre a mesa ao director xeral, foron varias. En primeiro lugar, falouse da problemática das sementes. Dende maio de 2004, o regulamento da agricultura ecolóxica obriga ao uso de sementes e material vexetativo provinte de producións ecolóxicas. Evidentemente, de non ser que @ labreg@ faga a súa propia semente, atópase na obriga de mercala. O problema é que as nosas variedades locais non se atopan no Rexistro de Variedades Comerciais. Nesta xuntanza, pediúselle á Consellaría que desenvolvese programas para fomentar a produción de semente e planta galegas, mediante formación, apoio técnico e financeiro.

A través desta problemática, chegouse ao tema dos organismos xeneticamente manipulados (OXMs). Neste eido, o SLG transmitiulle a Antonio Oca o seu rotundo rexeita-



Vilas e Sánchez Parga presentáronlle ao director xeral a táboa reivindicativa do SLG

mento a este tipo de cultivos. En concreto, denunciáronse as dificultades que existen hoxe en día para atopar pensos libres de transxénicos; e advertiuse da perda de biodiversidade

e do perigo que supón para as nosas variedades locais a proliferación destes organismos. Tamén se lle propuxo á Consellaría de Medio Rural a posibilidade de declarar a Galiza "zona ceibe de trans-

xénicos", do mesmo xeito que fixeron Euskadi e Asturias, para pasar a formar parte así da rede europea. En principio, o director xeral amosouse receptivo a esta proposta.

Máis apoio para un dos sectores menos potenciado do agro galego

Outra das cuestións que se abordaron foi a necesidade de artellar infraestruturas que permitan o desenvolvemento dun sector sólido, competitivo e estábel, pedindo máis apoio para el, xa que, a día de hoxe, non está tan potenciado como outros.

Tamén se demandou que se lle dea primacía aos criterios ecolóxicos fronte a outros sistemas de produción avalados que poden xerar confusión en consumidores e consumidoras, como a produción agraria integrada.

Finalmente, o SLG trasladoulle a Oca a existencia dos graves prexuízos que provocan os tratamentos fitosanitarios, como a acción dos herbicidas na apicultura e, por extensión, no noso medio ambiente. Tamén se falou do positivo que sería apoiar con máis medios a obtención de proteína vexetal nas explotacións para a alimentación animal.

Con estas medidas, o Sindicato Labrego pretende desenvolver unha produción ecolóxica na Galiza que realmente lle dea unha viraxe á orientación actual do agro, de maneira que participe na reconversión do modelo produtivo actual cara a un modelo sustentábel, tanto social como económica e ecoloxicamente. No entanto, o listado de propostas realizadas só constitúe un inicio no camiño a percorrer. Ao entender do SLG, un desenvolvemento con futuro debe basearse nun traballo conxunto en condicións paritarias de todos os axentes implicados. Por esta razón, a proposta máis importante do Sindicato Labrego Galego radica en esixir á Administración que fomenta, inicie e dinamice un proceso de elaboración do Plano Estratéxico da Agricultura Ecolóxica Galega, en colaboración paritaria con todos os actores e actrices do sector.

O 17 de xuño inaugúrase o mercado semanal de produtos frescos en Verín

A iniciativa do Sindicato Labrego de crear un mercado de produtos frescos en Verín será unha realidade o 17 de xuño. Ese día, seis produtores da bisbarra instalarán os seus postos de venda na Praza García Barbón, nun horario que irá dende as 10:30 ás 13:30 horas. A partir desa data, acudirán puntualmente cada sábado para venderlle á xente hortalizas frescas e mel de primeirísima calidade producidas nas súas propias explotacións.

Nas semanas previas á inauguración desta feira, o Sindicato Labrego realizará unha campaña de promoción na que se utilizarán dípticos e carteis, amais de anuncios na radio local. A inauguración contará coa presenza da Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra.

Esta experiencia de comercialización directa conta co apoio do goberno municipal; e naceu a raíz do mercado de alimentos frescos que se instalou en Verín con motivo da campaña nacional contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) desenvolvida polo Sindicato Labrego en 2005 e 2006, e que visitou a vila no verán do ano pasado.

A intención do Sindicato Labrego coa posta en marcha deste mercado é a de botar un pulo ao sector produtor da comarca verinesa. Son moitas as razóns que levaron ao SLG de Verín a traballar nesta iniciativa. En primeiro lugar, o pulo inicial xurdiu ao tomar conciencia da importancia que os labregos e labregas teñen como parte activa na dinamización da comarca, pois o desenvolvemento da mesma parte dunha boa saúde do seu sector primario. Por iso, é importante que se valore papel dos labregos e labregas como elemento dinamizador da economía local.

O SLG de Verín ten clara a necesidade "de concienciar á xente das vantaxes que ten consumir produtos frescos locais", sobre todo nesta época "na que os escándalos alimentarios sementan paranoia entre a cidadanía".

Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social d@s cotitulares das explotacións

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras, e a súa convocatoria para o ano 2006, do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares de explotacións agrarias de Galicia, coa finalidade do promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

Poderán ser beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de xaneiro de 2006.

b) Que o seu ou a súa cónxuxe, cotitular da mesma explotación agraria, estea de alta no mesmo

réxime especial.

c) Ter corenta ou menos anos de idade.

d) Terse acoillido á redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social.

Esta axuda consistirá no aboamento do 20 por 100 da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar, calculada en función da base de cotización que corresponda e o tipo de cotización do 18,75 por cento.

Procederá este aboamento polas mensualidades do ano 2006, contadas a partir do 1 de abril, agás no suposto de altas ao réxime especial agrario da Seguridade Social realizadas no ano 2006 con posterioridade a esta data, nese caso o aboamento computarase desde a data de efectos da obriga de cotizar.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro de 2006.

Fomento do asociacionismo con maquinaria agrícola en Galiza

Esta orde ten por obxecto establecer as bases das axudas para fomentar o asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola e convocar as correspondentes ao ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva.

As axudas establecidas nesta normativa estrutúranse en dous tipos de actuacións:

1. Axudas ás cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA).

2. Axudas ás entidades asociativas agrarias que realicen investimentos en maquinaria para uso colectivo.

Poderanse acoller, respectiva-

mente, ás axudas reguladas nesta orde: As cooperativas que teñen como obxecto social prioritario a adquisición e a utilización de maquinaria agrícola en común (CUMA), sempre que teñan o seu domicilio social e os seus socios en Galiza; e as cooperativas agrarias, as cooperativas de explotación comunitaria da terra e as sociedades agrarias de transformación (SAT) que adquiran maquinaria de carácter agropecuario ou agroforestal para o seu uso asociativo e colectivo, sempre que teñan o domicilio social e os seus socios en Galiza.

O prazo para solicitar estas axudas remata o 23 de xuño.

Programas de promoción e divulgación do cooperativismo

Esta orde ten por obxecto promover e divulgar o cooperativismo, a través dos seguintes programas:

-Programa I: impulso de proxectos empresariais cooperativos.

-Programa II: adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

-Programa III: fomento e consolidación do asociacionismo.

-Programa IV: actividades de pro-

moción do cooperativismo.

-Programa V: fomento do acceso á condición de socio traballador.

-Programa VI: apoio ás cooperativas prestadoras de servizos sociais e de integración social.

O prazo de presentación de solicitudes para os programas I, II, IV, V e VI rematará o **30 de xuño de 2006**. O prazo de presentación de solicitudes para o programa III xa rematou o **29 de maio de 2006**.

Subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais

O obxecto destas bases é establecer as normas para a presentación, selección e subvención de proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, que se promovan co obxectivo último de potenciar o desenvolvemento equilibrado do territorio e de favorecer a xeración de actividade e incrementar o nivel de renda da poboación.

Poderán subvencionarse proxectos de natureza produtiva e non produtiva:

a) Que teñan carácter dinamizador, no senso de que con-

tribúan a desenvolver social e/ou economicamente áreas rurais co obxectivo de facer destes espazos lugares atractivos e con capacidade de atraer novos habitantes

b) Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude de axuda e sexan executables dentro do prazo sinalado na convocatoria para a xustificación do investimento.

c) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

O prazo para presentar os proxectos remata o 10 de xullo de 2006.

Bolsas de prácticas para titulad@s en especialidades agrarias

Axudas económicas, en forma de bolsas, para realizar prácticas en temas agroforestais, conforme as bases contidas nesta orde.

Establécense un total de ata 54 bolsas de prácticas, destinadas aos titulados recentemente como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, enxeñeiros de montes, enxeñeiros técnicos forestais, veterinarios ou licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos.

A maiores, haberá 70 bolsas para

alumn@s de ensinanza profesional dos ciclos medio ou superior dos centros de formación e experimentación agroforestal da Consellería do Medio Rural, ou en calquera outro autorizado.

Para @s primeir@s, o importe económico será de 700 euros por mes de prácticas, e o **prazo para presentar as solicitudes será ata o 24 de xuño**. Para @s segund@s, a contía será de 600 euros por mes, e **terán de prazo todo o mes de xuño**.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando para 2006

O obxecto desta orde é o establecemento das contías das indemnizacións a que teñen dereito os titulares de animais e /ou produtos sacrificados e /ou destruídos por motivo de erradicación de enfermidades animais (tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún; e naqueles animais que tivesen convivido con animais enfermos e que sexan considerados

sospeitosos polos veterinarios actuantes; e encefalopatías esponxiformes transmisibles).

Para poder ter dereito ás indemnizacións desta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa sobre sanidade animal, programas de erradicación de enfermidades animais e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario

Pola presente orde, establécense as bases reguladoras das seguintes liñas de axuda:

a) Axudas para mellorar a formación cooperativa.

b) Axudas para a realización de auditorías, análises de xestión, estudos de viabilidade e estudos de mercado.

c) Axudas para a informatización.

d) Axudas para a contratación de persoal.

e) Axudas para actuacións relacionadas coa calidade.

f) Axudas para os investimentos en instalacións conxuntas de tratamento e valorización de residuos agrarios.

g) Axudas á promoción e adecuación do idioma galego nas cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.

h) Axudas ás organizacións representativas das cooperativas agrarias galegas.

Poderán presentarse as solicitudes de axuda durante todo o mes de xuño.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Arrincadora de patacas.
-Desensiladora de pinza.
-Empacadora
-Remexedor de xurro.
Chamar ao 676 773 374

Véndese

-Rotativa con acondicionador
POTTINGER.
-Carro mesturador.
-Tractor FIAT 8894 DT.
Chamar ao 630 883 662

Véndese

Dous comedeiros móbiles de 14
unidades cada un, e base reforza-
da.
Chamar ao 699 063 642

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL, en
perfecto estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese

-Trigo do país, calidade extra.
-Herba seca picada de segundo
corte en rolos.
Chamar ao 653 781 267

Véndese

Invernadoiro completo de 1.480
m², fabricado por Invernadoiros
Trigo no ano 2001.
Preguntar por Pepe no teléfono
655 969 680

Véndese

Cabritos na Pastoriza (Lugo).
Chamar aos números de teléfono
982 249 014 e 626 592 286

Véndese

-Tractor RENAULT 110-54, en bo
estado.
-Moto Trial de 350 cc, edición Jor-
di Tarrés.
Preguntar por Carlos ou Xosé
Manuel no 686 118 173

Véndese

Volkswagen Vento, en bo estado,
do ano 1992. 168.000 Qms.
Gasolina. ITV pasada.
Chamar ao 981 797 225

Véndese

Máquina picadora de millo de un
rego, marca CLAAS. Con tres
campañas.
Chamar ao 981 196 769

Véndese

Tuias para peches de fincas.
Tamaño entre 80 e 120 centíme-
tros. Prezo segundo pedido.
Preguntar por Moncho no telé-
fono 619 963 003

Véndese

-Tractor LAMBORGINI 1306.
-Tractor JONH DEERE 3650.
-Picadora NEW HOLLAND 2305
CP
-Tanque WESTFALIA de 1.700
litros.
Chamar ao 696 718 076

Véndese

Sala de muxido de 4 puntos.
Preguntar por Francisco no 982
160 657 ou no 647 172 807

Véndese

Circuíto de muxir WESTFALIA, de
6 puntos e con lavadora automáti-
ca. En Cartelle (Ourense).
Preguntar por Pepe no teléfono
988 491 441.

Véndese

Cisterna de 6.000 litros seminova.
Chamar ao 981 789 547

Véndese

Aparello de aire acondicionado
FRÍO.RIAS, de 2.000 frigorías.
Chamar ao 982 242 464.

Véndese

-3 xovencas frisonas de leite,
preñadas.
-Autocargador-segador JUS-
CAFRESA J-15.
Chamar ao 981 490 206.

Véndese

Carro mesturador TATOMA Bra-
vo, 10 m³, horizontal, con cazo de
carga. Seminovo, con poucas ho-
ras de traballo. Prezo a negociar.
Chamar ao 981 699 224

Véndese

Autocargador-picador marca
POTTINGER Europrofi 1.
Máis información nos teléfonos
982 164 075 e 699 054 057.

Véndese

Dous tanques de leite, xuntos ou
por separado. Un de 450 litros e
outro de 300 litros.
Chamar ao 981 483 144.

Véndese

Fresa AGROTOR 1'60.
Chamar ao 982 502 280

Véndese

Empacadora marca GALLIG-
NANA, de tres anos.
Chamar ao 675 412 618

Véndese

-Rotativo de 15.
-Fresadora de 1'90.
Chamar ao 982 164 333 ou ao
móbil 608 088 249.

Véndese

Autocargador CALAGRI.
Preguntar por Francisco no 647
172 807.

Véndese

Autocargador BEVILACQUA, en
perfecto estado.
Chamar ao 982 349 163.

Véndese

-2 touros de raza Cachena.
-3 ponis.
Chamar ao 679 890 628.

Véndese

-Cisterna GALAGRI de 7.000
litros, con eixo tándem e ballestas.
O eixo é posterior e autodirec-
cionable.
Preguntar por Xoán no teléfono
616 969 622.

Véndese

-Remolque autocargador semi-
pacador CLAAS 300 K, de 1995.
Matriculado.
-Cisterna COMPAR de 2.500 lits.
Preguntar por Pablo no teléfono
629 613 924.

Véndese

-Ciclomotor en boas condicións.
-Cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

Regadío con motor con carro
LANDINI de 26CV, 48 tubos de 3
polgadas, 20 aspersores, 3 tapóns,
2 tes e 1 alcachofa.
En Xinzo de Ilmia (Ourense).
Chamar ao 651 135 277

Véndese

Autocargador rotativo marca
MORRA. 2 anos de uso.
Chamar ao 982 163 465.

Véndese

Tanque de frío marca HAPY, con
capacidade de 1.000 litros. Bo pre-
zo e excelente estado.
Preguntar por Plácido no teléfono
699 396 604

Véndese

-Sala de muxido marca WEST-
FALIA con 4 puntos, 2 medidores,
descarga e lavado automático.
-Tanque de frío de 650 litros mar-
ca HAPY. En Vilalba (Lugo).
Chamar ao 982 527 406

Véndese

Rastrillo marca CHAS modelo
470, con tres campañas.
Chamar aos teléfonos de contac-
to 982 330 487 e 626 991 660.

Véndese

Muíño de pedra eléctrico.
Chamar ao 981 195 166.

Véndese

22 vacas nutrices.
Preguntar por Muñiz no teléfono
625 527 874.

Véndese

Tanque de frío de 500 litros.
Chamar ao 636 068 042.

Véndese

Moto de monte RIEJU 50 RR, en
bo estado.
Chamar ao 982 170 672.

Véndese

-Remolque para tractor pequeno,
en bo estado e de prezo asequible.
-Forno de pedra en bo estado.
Preguntar por Pedro no teléfono
630 818 278

Véndese

-Trigo trimesino.
-Egua branca e marrón.
Chamar ao 655 454 367.

Véndese

-Furgoneta MERCEDES BENZ.
-Dous invernadoiros. No Concello
de Somozas.
Chamar ao 981 419 133 e ao mó-
bil 686 490 023.

Véndese

Xovencas Frisonas.
Chamar ao 982 164 477

Véndese

Circuíto de muxido de tres puntos
marca WESTFALIA, con lavado
automático.
Preguntar por Xosé no teléfono
982 137 615.

Véndese

Cinco vacas rubias marcadas.
Chamar ao 689 752 400.

Véndese

Autocargador MAGAL, de 22 me-
tros, unha coitela, e con descargue
hidráulico.
Chamar ao 982 160 266.

Véndese

-Rotativa CLAAS de 1'85.
-Carro mesturador.
-Tractor John Deere 2135 con pa.
Chamar ao 628 071 424

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 6310, con
800 horas.
-Empacadora GALLIGANE con
picador.
Preguntar por Antonio no teléfono
649 104 496

Véndese

-Limpadoras.
-Un muíño de tractor.
Chamar ao 982 175 132

Véndese

Conxelador ZANUSSI, de 500
litros. Un ano de uso.
Chamar ao 609 733 289

COMPRAS

Mércase

Tractor articulado de 30 a 60 CV
Preguntar por Francisco no 647
172 807.

Mércase

Máquina de calibre pequena.
Chamar ao 630 640 136

Mércase

Sistema de limpeza por cable
para cortes.
Chamar ao 982 164 045

Mércase

Tractor pequeno.
Preguntar por María Xesús no
teléfono 699 348 754

Mércase

Desensiladora, en bo estado.
Chamar ao 609 733 289



Anúnciese!

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Ricardo Martínez, membro da Dirección Nacional do SLG e produtor de horta

Ricardo Martínez leva tres décadas traballando, xunto á súa muller Fina, no sector hortícola do concello pontevedrés do Rosal. Neses anos, deulle tempo a tocar todo tipo de producións, dende hortalizas ata flor. Se en tempos chegou a ter unha hectárea de cultivos ao aire libre, e mesmo vacas e porcos, hoxe quedou con 3.500 metros de invernadoiros que utiliza na produción de planta ornamental, fundamentalmente camelia, para un viveiro. A maiores, está metido nunha experiencia cooperativa de recuperación dos cultivos do mirabel e da cereixa na bisbarra.

“Ás veces pregúntaste se traballas para a familia ou para os intermediarios”

■ **¿Por que abandonou a produción hortícola pola de planta ornamental?**

Despois de vivir moitos anos cultivando horta, ao final acabas un pouco queimado. Os prezos están ao mesmo nivel que hai vinte anos, cando todos os custes subiron: plásticos, abonos, man de obra, sementes, etcétera. O resultado é que cada vez estás na obriga de traballar máis e máis, para gañar o mesmo ou menos.

■ **¿Esa situación da que me fala é xeneralizada?**

Si. Aquí, estase a producir un abandono total. No Rosal, o sector hortícola chegou a ser moi puxante. De feito, abastecía totalmente o mercado de Vigo.

Agora é ben distinto: os invernadoiros e as leiras están todas abandonadas. Só ficamos unhas poucas explotacións que realmente vivimos disto.

■ **¿A que se debe ese estancamento dos prezos?**

Cando nós comezamos, hai trinta anos, vendíamollas a revendedores que viñan ata a casa e mercábanche os produtos, pesábanos e pagábanche en man ao prezo que

se vendeu esa mesma mañá no mercado de Vigo. Ao día seguinte, no mercado, estes revendedores estaban na obriga de defender o prezo que che pagaron o día anterior, e facíano. Aí mantiñase o valor dos produtos sen problema.

Despois, co aumento da produción, comezaron a xurdir cooperativas e máis intermediarios: a cooperativa vendíalle ao almacenista, o almacenista ao froiteiro, e o froiteiro ás tendas. Os produtos pasaban de man en man, e todos eran a gañar.

Por se non abundase, apareceron os prazos para cobrar: o almacenista tarda un mes en pagar á cooperativa, e esta, despois, aínda ten que facer as contas. Cando o labrego cobra, pasaron dous meses dende que vendeu. E antes diso, houbo que plantar e agardar uns tres meses ata que producíase a planta. É dicir, traballas e gastas, pero non cobras nin un peso ata o cabo de medio ano.

■ **Con tanto intermediario a gañar, non é de estrañar a diferenza de valor entre a orixe e o punto de venda.**

As marxes comerciais coas que se quedan estes interme-



Ricardo Martínez, xunto coa súa muller Fina, dedícase agora ao cultivo de planta ornamental para un viveiro

diarios son cada vez máis altas. Cando ti cobras unha leituga a 10 céntimos, e vela despois no supermercado a

1 euro, pregúntaste para quen estás traballando, se para ti e a túa familia, ou para os intermediarios.

“En vez de dar cartos, deberían ofrecer máis axuda técnica e formativa”

■ **¿Houbo máis factores que propiciasen este declive da horta no Rosal?**

Tamén influíu que aquí ninguén se preocupase nunca de facer boas explotacións para vivir delas ao cento por cento, como profesionais. Un dos problemas que tivemos no Rosal é que a agricultura sempre foi unha actividade complementaria para as familias, xa que, mentres os homes sacaban un salario fóra, na construción, en Suíza, ou na Citroën; as mulleres levaban un par de invernadoiros na casa. Nesta situación, a agricultura non se traballaba do mesmo xeito coma se fose a principal actividade económica.

■ **Daquela, ¿que efectos tivo ese papel secundario da agricultura?**

Fundamentalmente, quen tiña os invernadoiros para sacar un comple-

mento, vendía a súa produción ao prezo que lle ofrecían, sen que lle importase cobrar pouco. O gran problema do Rosal é que non tivo agricultores profesionais. Nesta situación, como as contas cada vez foron a peor, a xente foi abandonando.

O meu caso o contrario. Como só tiñamos a explotación para vivir, vímonos forzados a mellorar, a cultivar mellor. Así, fomos mercando fincas para ampliar, maquinaria, novas estruturas de invernadoiro, etcétera.

■ **Nesa necesidade de mellorar, ¿contaron coa axuda da Administración?**

Axudas ofrecen moitas, pero eu manteño que son coma un caramelo que lle dás a un neno para que estea calado.

Eu nunca fun partidario das axudas. Tivémolas ao comezar, cando mer-

camos os primeiros invernadoiros e construímos a casa, hai uns trinta anos. Dende aquel día, non quixen máis axudas: obríganche a meterte en créditos e non chegan nada.

Moitas veces, se no canto de cartos che desan máis colaboración técnica e formativa, se animasen máis á xente a mellorar e a seguir coa explotación, sería moito mellor. De cotío, non fallan os cartos, senón a formación e a motivación do agricultor.

■ **Entón, ¿a falla de formación tamén é unha eiva?**

Por suposto. Aquí a xente cultivaba de calquera xeito: non se motivaban para ter ben coidados os invernadoiros, nin de controlar as pragas e as enfermidades. De feito, os produtos químicos utilizáronse ao chou.

“Só cunha aposta pola calidade podemos competir contra os produtos de fóra”

■ **Tamén terían problema coas hortalizas que veñen de fóra.**

Hai uns dez anos, cando comezou a decaer a produción hortícola no Rosal, os empresarios recorreron a Portugal. Ese foi o comezo. Despois chegamos a situacións nas que se producía pemento de Padrón en Marrocos e Murcia por encargo de intermediarios de aquí. Ese pemento, despois, vendíase como galego.

Isto provocou un desánimo xeneralizado. Hoxe, case toda a hortaliza coa que traballan os intermediarios e as cooperativas do da zona vén de Portugal e véndese coma se fose galega. E o mesmo ocorre coa produción de planta para horta. En Portugal, teñen mellor clima e producen máis barato, polo que non hai posibilidade de competir con eles.

■ **¿Pensa que se debería apostar pola calidade?**

Creo que si. Só cunha aposta pola calidade poderemos competir contra as producións que nos veñen de fóra. Antes, o tomate do Rosal, sendo máis caro, desbancaba no mercado de Vigo ao que viña do sur. Isto acontecía porque o noso tomate viña cortado do día anterior e con poucos tratamentos químicos; fronte aos do sur, ategados de fitosanitarios, que se vendían tras pasar unha semana nun túnel de frío. Pero iso perdeuse todo.

Producindo en cantidade non imos a ningures. Aí debería mollarse a Administración. Pero acontece todo o contrario. As oficinas de extensión agraria están practicamente desmanteladas e os funcionarios limitáanse a facer un traballo puramente burocrático.